

AS NOGAIS*Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía nº 2025-0230, do 28 de xullo de 2025, ampliouse en 2 días hábiles adicionais o prazo previsto polo artigo 5 das bases de selección e contratación de persoal laboral temporal e formación de bolsas de emprego para os postos de xefe de brigada e de condutor de vehículo motobomba, ao abeiro do convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a prevención e defensa contra os incendios forestais, coas seguintes características:

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos dous días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 28 de xullo de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2189

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Polo presente faise público que polo Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ribeira de Piquín se ditou a Resolución da Alcaldía núm. 2025/208, de data 24 de xullo, co seguinte tenor literal:

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 2025/208:

En Ribeira de Piquín, a 24 de xullo de 2025.

Asunto: *Delegación para autorización de matrimonio civil.*

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Lei 35/1994, de 23 de decembro, de modificación do Código Civil en materia de autorización do matrimonio civil polos alcaldes, e que modifica, entre outros, o artigo 51 do Código Civil, que dí: “Será competente para autorizar o matrimonio: 1º. O Xuíz encargado do Rexistro Civil e o Alcalde do municipio donde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.”; así como o artigo 57 do mesmo texto legal, que reza: “O matrimonio deberá celebrarse ante o Xuíz, Alcalde ou funcionario correspondente ao domicilio de calquera dos contraíntes e dous testigo maiores de idade. A prestación do consentimento poderá tamén realizarse, por delegación do instrutor do expediente, ben a petición dos contraíntes ou ben de oficio, ante Xuíz, Alcalde ou funcionario doutra poboación distinta.”

Visto o Oficio remitido pola Oficina Xeral do Rexistro Civil de Lugo, polo que se comunica a finalización con resolución positiva do expediente tramitado ao efecto para a celebración do matrimonio de D. Cristian López Busto, con DNI núm. 34.286.344Z e Dna. Andrea Ferreiro López, con DNI núm. 33.546.886Y.

De conformidade co artigo 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Delegar no Sr. Concelleiro D. Antonio Gómez Gómez a autorización do matrimonio de D. Cristian López Busto, con DNI núm. 34.286.344Z e Dna. Andrea Ferreiro López, con DNI núm. 33.546.886Y, que se celebrará o día 26 de xullo de 2025, ás 13:00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Ribeira de Piquín, por petición expresa dos cónxuxes.*

SEGUNDO.- *Ordear a publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia, así como comunicalo ao Sr. Concelleiro delegado e aos cónxuxes.*

TERCEIRO.- *Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”*

Ribeira de Piquín, 24 de xullo de 2025.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 2165